

Situación insostible para as profesionais do Servizo de Axuda no Fogar na Galicia

- **Hoxe arrinca a folga indefinida das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).**
- **O COTSG subliña “a necesidade da firma dun novo convenio e o incremento da financiación son imprescindibles, pero só son dous dos pasos a dar na prestación do SAF” engaden que “é preciso a actualización da orde autonómica reguladora de SAF, que data do ano 2008, así como dun modelo de ordenanza que equipara en condicións de igualdade a prestación do SAF en todo o territorio galego. Sería imprescindible tamén que isto mesmo fose extrapolable aos pregos técnicos e administrativos xa que moito do malestar reside tamén, na desigualdade de atención e prestacións que contén o SAF entre uns concellos e outros”**

Redacción. 02/11/2022. Hoxe arrinca a folga indefinida das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que lembremos, é un servizo público e de carácter esencial de gran demanda, onde a entidade titular son os concellos, consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas e familias no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu medio habitual, é un servizo de dereito regulado na lei de autonomía persoal para atender a persoas en situación de dependencia.

A este respecto, dende o COTSG subliñan “a firma dun novo convenio e o incremento da financiación é imprescindible, pero só son dous dos pasos a dar na prestación do SAF” engaden que “é preciso a actualización dunha orde autonómica reguladora de SAF, que data do 2008, así como dun modelo de ordenanza que equipara en condicións de igualdade a prestación do SAF en todo o territorio galego, xa que moito do malestar reside tamén, na desigualdade de atención e no desenvolvemento de las prestacións que ofrece o servizo entre uns concellos e outros, cando é recoñecido na normativa estatal e autonómica como un servizo de carácter esencial e de dereito”. Engaden, “hai que facer especial referencia as especificidades do ámbito rural. Debido á dispersión xeográfica e o custe/hora de SAF sería preciso sumar o tempo de desprazamento e quilometraxe, xa que supón un incremento no custo do servizo que debe ser contemplado pola Administración autonómica, e concellos, asumindo estes un custe importante na

financiación do servizo principalmente para as persoas que non teñen sido recoñecidas como dependentes”.

Tal como sinala o Grupo de Traballo Social e SAF do COTSG, a lei 39/2006 fai responsable final á Xunta de Galicia na Planificación Xeral de Servizo de Axuda no fogar, correspondendo a xestión do mesmo á Administración local, así advirten “Debemos ter en conta a disparidade de prezo/hora que existe en diferentes Concellos e, no caso de estar externalizados, ter presente que existen empresas que ofertan por debaixo do custo, o que supón unha baixa temeraria. Debido a que estas prácticas se están dando na actualidade con bastante frecuencia, a Xunta debería establecer un prezo/hora mínimo que garanta a calidade do servizo”.

Por outra banda, a Xunta de Goberno do COTSG quere lembrar que “este colexio profesional foi a única entidade que votou en contra no Consello da Xunta de Galicia, polo ridículo incremento no custe da hora do servizo de atención ao domicilio, que pasou dos 9 aos 11 euros a hora, perpetuando así as malas condicións laborais, que evidentemente repercuten na calidade da atención, xa que no momento actual hai unha dificultade tácita para a contratación, xa que as condicións non son, nin moito menos, adecuadas, aumentando desta maneira as posibilidades de esgotamento profesional das traballadoras ante a imposibilidade de rotación e polo tanto tamén o cansazo das persoas usuarias do servizo”. Asemade, identifican un déficit de persoal no que se refire á coordinación e o seguimento do servizo de axuda no fogar, tanto no ámbito da Empresa privada como na administración local. Neste sentido salientan “vimos de solicitar en reiteradas ocasións á Xunta de Galicia, a creación dunha mesa técnica de avaliación deste servizo e da atención a dependencia, sen obter resposta ata o momento”.

Chegados a este punto con condicións insostibles para todas as profesións implicadas neste servizo, é importante visibilizar, sensibilizar e concienciar da importancia de velar polo seu bo funcionamento, que actualmente conta con moitas complicacións xeneralizadas e estendidas, asegurando unhas condicións laborais dignas e xustas á vez que unha calidade do servizo suficiente para poder apoiar as familias nos procesos de dependencia que transitan. Para moitas persoas especialmente as máis vulnerables é un servizo de carácter esencial que lles permite manter as súas condicións de vida coa maior dignidade posible, evitando o seu desarraigo e institucionalización no tramo final da súa vida. Como engadido, o SAF é o único recurso dispoñible para as persoas que non contan cunha rede de apoio e medios para outras alternativas de vida, sendo por tanto un servizo que potencia a calidade de vida e o benestar dende as administracións públicas.

Máis información: Gabinete de Comunicación do COTSG: 604 07 63 63